



SESION ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DE 2024

(Acta número 05)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

- D. Efrén Castro Caloto
- D^a. María del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández
- D. Antonio Ameijide Osorio
- D^a. Carmen José López Rodríguez
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz
- D^a Iria Castro Fernández
- D. Carlos López López
- D. Javier Varela Pérez
- D. Armando Castosa Alvariño
- D^a. María Sol Morandeira Morandeira
- D. Francisco Cajoto Caserío
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González
- D. Luis Fernández Guitián
- D^a. María del Carmen López Moreno

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de abril de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBWXLZCHOE	Página	1/24



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TERCEIRA ADENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚN CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE E CENTRO DE DÍA) NO MUNICIPIO DE CERVANTES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O 24.04.2019 o Concello de A Cervantes presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 2019RT001750), no cal solicitaba o establecemento dun convenio, interadministrativo de cooperación, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Día), no Concello Cervantes.

O 20.05.2019 formalizouse entre as partes o Convenio, interadministrativo de cooperación, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Día), no Concello Cervantes.

Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 30.12.2020 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	2/24






Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que “a non modificación do convenio implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Cervantes, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais”.

Así, o Pleno da Deputación de Lugo acordou en sesión realizada o 28.03.2023 aprobar o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores, no Concello Cervantes, quedando, polo tanto, unha vixencia de 8 anos a contar dende a súa formalización (20.05.2019), podendo modificarse o texto, respectando o límite temporal máximo de 8 anos. Este documento foi formalizado entre as partes o 05.09.2023.

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSV IV7XSDIN3L4DLS47QAMAOAAPEI, acompañábase no expediente co núm. 2024/XEN_01/000935 o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Día), no Concello Cervantes, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019, (e cuxas modificacións foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020 e polo Pleno da Deputación de Lugo o 28.03.2023) na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira e cuarta.

Tendo en conta o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Día), no Concello Cervantes, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019 e cuxas modificacións foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020 e polo Pleno da Deputación de Lugo o 28.03.2023) que se propón, así como, os informes emitidos sobre o mesmo por parte do Servizo de Contratación e Fomento co CSV IV7XSGTONHRNUSBPXUMSIJRQDY e do informe do Servizo de Intervención IV7XSGS4KHR42XZ727XBEARW6Q.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	3/24



Proponse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto da 3ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Día), no Concello Cervantes aprobado na sesión da Xunta de Goberno realizada o 15 de maio de 2019 (e cuxas modificacións foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020 e polo Pleno da Deputación de Lugo o 28.03.2023) que se recolle a continuación:

“3ª ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (RESIDENCIA DE TERCEIRA IDADE E CENTRO DE DÍA) NO MUNICIPIO DE CERVANTES

[CONVENIO APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE 15 DE MAIO DE 2019]

[1ª ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE SETEMBRO DE 2020]

[2º ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DE 28 DE MARZO DE 2023]

[3º ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DE 30 DE ABRIL DE 2024]

En Lugo,


REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Benigno Gómez Tadín con DNI nº 33.824.455-B, Alcalde-Presidente do Concello de Cervantes, que actúa en nome e representación do Concello de Cervantes, con CIF P-2701200D, con sede na Rúa Deputación s/n, San Román, Concello de Cervantes, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias, de acordo coa normativa de aplicación.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	4/24





Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación, mediante acordo de data 15 de maio de 2019 aprobou o texto do convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes

SEGUNDO.- As partes asinaron dito convenio na data de 20 de maio de 2019 para o financiamento e construción do Centro de Atención a Persoas Maiores de Cervantes, vixente na actualidade.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 25.09.2020, acordou dar a aprobación á modificación das cláusulas terceira, cuarta, décimo primeira e décimo segunda do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

A citada addenda foi formalizada o 30.12.2020 entre as partes, en concreto a Addenda ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019.

CUARTO.- O Pleno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 28.03.2023, acordou dar a aprobación á modificación das cláusulas terceira, sexta e sétima do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

A citada addenda foi formalizada o 05.09.2023 entre as partes, en concreto a 2ª Addenda ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	5/24



concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes.

QUINTO.- O Concello de Cervantes solicitou a reformulación das anualidades para as achegas deste Concello en relación aos compromisos recollidos no convenio que nos ocupa, así como, a determinación da forma en que este Concello poña a disposición da parcela en favor da Deputación de Lugo segundo convenio.

Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula terceira do convenio, que quedará redactada como segue:

“TERCEIRA.- Obrigas e compromisos das partes.

(...)

3.2. O Concello de Cervantes

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Cervantes, comprométese ao seguinte:

a. Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos nos apartados precedentes e, en xeral, en todas aqueles actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

b. Aportar o terreo necesario (preferentemente da localidade de San Roman, capital do Concello) para a construción do residencia libre de cargas e gravames e urbanisticamente idóneo e que cumpra coas condicións e requisitos establecidos no Proxecto e no estudo xeotécnico, a fin de poder realizar as obras de construción par parte de Deputación e recibilas coma órgano de contratación, tendo en conta que na actualidade as parcelas con referencia catastral 8683302PH5488S0001 FA e 27012A012001540000MU constan co informe urbanístico favorable para a construción dun CAM (centro de atención a persoas maiores) para unha capacidade de entre 30 e 40 residentes e, polo tanto, constan con viabilidade urbanística e técnica.


(...)”

SEGUNDA.- As partes acordan modificar a cláusula cuarta do convenio, que quedará redactada como segue:

“CUARTA.- O Réxime económico.

(...)”

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	6/24





2.1.- O Concello de Cervantes aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas maiores do municipio de Cervantes, conforme ao seguinte detalle:

Ano 2024: 50.000,00 €

Ano 2025: 50.000,00 €

Ano 2026: 50.000,00 €

Ano 2027: 50.000,00 € (ata o 31 de marzo de 2027)

O importe a financiar polo concello de Cervantes, será ingresado na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423 de conformidade cos seguintes ítems:

- A achega farase efectiva contra certificación de obra.
- O concello de Cervantes deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento mediante certificado de retención de crédito cando proceda e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso de falta de pagamento da cantidade a financiar polo Concello de Cervantes, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade que o Concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

2.2.- Poñer a disposición da Deputación provincial unha parcela libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial. Así as parcelas con referencia catastral 8683302PH5488S0001 FA e 27012A012001540000MU constan co informe urbanístico favorable para a construción dun CAM para unha capacidade de entre 30 e 40 residentes e, polo tanto, constan como viables urbanística e tecnicamente para a construción dun Centro de Atención as Persoas Miores, considerando o citado informe co CSV IV7C2CPZGDVMXCWD6H554UIBMI.

O Concello de Cervantes impulsará a adopción do acordo de cesión gratuíta da titularidade dos terreos citados a favor da Deputación de Lugo sobre os

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	7/24



que se realiza o proxecto de construción dun CAM de xeito delimitado e singularizado para a dita finalidade.

Para a aceptación desta cesión por esta Deputación Provincial, o inmovible non pode estar suxeito a carga ou gravame. Ademais, a súa descrición terá plena concordancia entre a realidade gráfica e a cartografía catastral, e deberá ir acompañada dunha valoración económica.

A formalización da dita cesión de titularidade en escritura pública permitirá a súa inscrición no Rexistro da Propiedade a favor desta Deputación. (...)”.

TERCEIRA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio interadministrativo suscrito con data 20 de maio de 2019, e modificado pola 1ª Addenda formalizada o 30.12.2020, pola 2ª Addenda formalizada o 05.09.2023 e pola presente Addenda de Modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado a presente addenda no lugar e data expresados no encabezado”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=3>


--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE INVESTIMENTOS NA ATENCIÓN ÓS MAIORES NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	8/24





“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia un plan de investimentos na atención ós maiores na provincia de Lugo.

O pasado 4 de abril a Xunta de Galicia anunciaba a súa intención de desenvolver un paquete de medidas adicadas á construción de novos centros de maiores (residencias e centros de día) e mesmo a construción doutros novos. O investimento total desta iniciativa suma 18,5M€ que se concretarían en 24 medidas a desenvolver noutros tantos concellos galegos. Segundo a nota oficial da Xunta, isto permitirá crear 500 novas prazas de residencia e 150 de atención diaria.

A satisfacción inicial por ver á Xunta asumindo as súas competencias en atención á terceira idade deixou pronto paso á incredulidade e a decepción polo novo sesgo territorial e partidista co que se repartían as medidas anunciadas. Das 24 accións propostas, só dous se desenvolverán na provincia de Lugo: a construción de residencias en Abadín e Riotorto. Do resto do programa, 16 medidas se levarán a cabo en concellos da provincia de Ourense, 3 na Coruña, e 3 en Pontevedra. Levando este reparto ó terreo económico, Lugo vai recibir 2,4M€, Pontevedra algo máis de 3M€, Coruña 1,12M€ e o groso do investimento, case 12M€, van destinados á provincia de Ourense.

É difícil atopar un criterio lóxico no deseño do programa. Porque se o criterio fose primar ás provincias máis rurais ou de poboación máis envellecida, Lugo debería ter merecido máis investimento. Pero do reparto anunciado xorde unha sensación de burla, de que a Xunta se apresura a desenvolver pola súa conta en Ourense aquilo co que se ten negado a colaborar en Lugo.

Resulta inevitable separar este investimento concreto do paquete de promesas realizadas por Alfonso Rueda cando aínda era candidato á Xunta de Galicia cara a provincia de Ourense. Un plan que xa chegou a este Pleno no pasado mes de febreiro. Non polo desexo de prexudicar a outra provincia, senón para corrixir os criterios partidistas e o afondamento no trato desigual cara a Lugo. Deste novo paquete de 18,5M, máis do 64% vai a unha soa provincia; e dos 24 concellos nos que se vai actuar, 15 están gobernados polo PP, 10 deles en Ourense.

Como xa dixemos en febreiro, dende o compromiso inquebrantable ca defensa dos intereses de Lugo e dos seus veciños, a Deputación vai denunciar sempre posturas partidistas que pretenden fixar os investimentos en función do sentido do voto, e non

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBWXLZCHOE	Página	9/24



das necesidades reais da xente. Calesquera que teñan sido as liortas internas do PP na provincia de Ourense, non se poden resolver botando man dos cartos públicos, e xerando un agravio comparativo co resto dos galegos e galegas que viven nas outras tres provincias. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Un plan de investimento específico para a atención á terceira idade que contemple a achega económica para sustentar o sistema desenvolvido pola Deputación e impulse as medidas necesarias par reformar os actuais centros que así o precisen e a construción de centros novos, de xeito especial no rural”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=4>


4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Ó VOCEIRO DO PP D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO QUE RECTIFIQUE E SE DESCULPE POLAS MENTIRAS, MANIPULACIÓN E DESINFORMACIÓN VERTIDA ARREDOR DO TRASLADO DA SEDE DE CRAEGA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando ó Voceiro do PP D. Antonio Ameijide Osorio que

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	10/24





rectifique e se desculpe polas mentiras, manipulación e desinformación vertida arredor do traslado da sede de GRAEGA.

Resulta asombroso que o Voceiro do Partido Popular na Deputación de Lugo, D. Antonio Ameijide Osorio, sirva a intereses particulares antes que ós intereses xerais de todos os veciños e veciñas de Lugo, e para elo non dubida en mentir, manipular e desinformar dun xeito torticeiro, para tratar de quitar rédito político a partires dun problema que creou o propio Partido Popular en colaboración co Presidente do CRAEGA, D. Francisco López Valladares.

O señor Antonio Ameijide, coñecía perfectamente as intencións do señor López Valladares, e organizaron de xeito conxunto unha estratexia para culpar ó Concello de Monforte e á Deputación provincial dunha decisión que xa estaba tomada hai moito tempo e que trataron de esconder baixo unhas supostas necesidades do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia relacionadas cunha finca que agora non lles preocupa nin a necesitan.


A Deputación Provincial, como o propio Concello de Monforte, actuou sempre con lealdade, transparencia e respecto á verdade. Se defendeu o interese dos veciños e veciñas; se contaron as cousas tal cal sucederon; se deu cumprida conta das ofertas feitas ó CRAEGA para manter a sede en Monforte e se sinalaron as contradicións entre as supostas necesidades de espazo e terreo rural, cas características do local elixido polo Consello en Lugo, que non garda relación algunha ca tipoloxía do Pazo de Tor, suposta fonte do problema.

O certo e que as esixencias ó redor do uso exclusivo do pazo de Tor foron só a cortina de fume deseñada a posteriori ca que se tentou agochar, e obter rédito político, dunha decisión tomada de antemán, de costas ó Concello, co visto e prace do ex-Conselleiro do Medio Rural e da propia voceira do Partido Popular en Monforte. Sempre con criterios partidistas a prol do PP e de costas ás necesidades reais dos produtores ecolóxicos da provincia de Lugo e de Galicia.

Foron moitas as contradicións nas que caeron cada vez que facían manifestacións públicas, contradicándose entre eles, a pesar de que cada día estaba máis acreditado que a Deputación Provincial non tiña ningunha responsabilidade nin había tomado ningunha decisión que puidera facer marchar ó CRAEGA de Monforte, senón todo o contrario.

A Deputación sempre apoiou dende a súa constitución ó CRAEGA nas distintas instalacións que ocupou e o actual Equipo de Goberno, mesmo lle ampliou os espazos que ocupaban no edificio Multiusos, poñendo á súa disposición outras edificacións que eran totalmente válidas, como é o caso de Expolemos e os edificios anexos ó Pazo

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	11/24



de Tor, ofrecendo incluso a mellora da instalación con cargo ó orzamento municipal de Monforte ou da Deputación de Lugo segundo o caso, chegando a acometer un gasto de arredor de 50.000 euros a Deputación de Lugo para levar ata os edificios da finca de Tor a fibra óptica, que se contratou á empresa Movistar, porque así o pedira o propio CRAEGA, o que supón unha irresponsabilidade cos fondos públicos.


Despois de múltiples insultos e mestura de argumentos do Sr. Ameijide Osorio, actuando como se fose o avogado defensor do Sr. López Valladares, tivemos ocasión de comprobar a través dos medios de comunicación, nunha entrevista concedida polo presidente do CRAEGA o día 2 do presente mes de abril, onde di literalmente “que o organismo que preside revisou moitos establecementos en Lugo antes de decidirse polo edificio “Tempo”. Explica o Sr. Valladares que visitaron entre outros o “Hotel Jorge I” que segundo el “quedáballes grande”, e tamén se interesaron pola “Casa Grande de Nadela” e precisou que non mercaron este edificio porque parecían que precisaría moito mantemento con xardíns e instalacións exteriores, o que demostra que si lles queda grande un xardín, para que queren unha finca con moitas hectáreas? O que sen dúbida demostra que todo era un paripé para tratar de culpar ó presidente da Deputación e alcalde de Monforte da decisión que xa tiñan tomado previamente en connivencia cas distintas instancias locais, provinciais e autonómicas do PP.

O Grupo Provincial Socialista non vai deixar nunca de apostar pola lealdade institucional, tanto no trato entre administracións como nas relacións co resto dos axentes sociais. Transparencia, respecto e colaboración son as ferramentas que precisamos para facer avanzar a provincia. Rexeitamos a deslealdade, a mentira ou a terxiversación dos feitos como axentes empobrecedores, do debate político e da xestión que todos temos encomendada a prol da nosa provincia. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite:

Esixir ao voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Lugo, D. Antonio Ameijide Osorio, que rectifique e pida desculpas ós veciños e ás veciñas da provincia e de Monforte de Lemos, así como ó Presidente da Deputación e a esta corporación provincial, polas mentiras, as manipulacións e a desinformación coas que pretendían enganar a todos/as os cidadáns xerando un discurso paralelo e inventado acerca dos motivos reais do traslado de CRAEGA de Monforte a Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	12/24





Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=5>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO AO RECOÑECIMENTO DE PALESTINA COMO ESTADO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ao recoñecemento de Palestina como Estado.

Exposición de Motivos:

Catro meses despois de aprobarse no Pleno da Deputación de Lugo unha “*moción en apoio ao pobo palestino e en exixencia da fin do seu xenocidio a mans do goberno israelí*”, vemos como a guerra e o xenocidio que a acompaña van camiño de cumprir sete meses non apreciándose avances significativos cara ao seu remate, mais ben todo o contrario.

Nas últimas semanas estamos asistindo a unha clara escalada do conflito, co goberno de Israel actuando fóra das súas fronteiras e das do Estado Palestino. Feitos que só poden contribuír a agravar a situación e que nada axudan na súa resolución.

O brutal bloqueo a Gaza e en xeral ao conxunto dos territorios palestinos continúa provocando unha auténtica catástrofe humanitaria e elevando a cifra de vítimas dun xeito insoportable. Non contento con isto, o goberno israelí persiste na súa política de destrución e de manter a poboación palestina en condicións infrahumanas, evitando que poidan refacer a súa vida dunha maneira digna.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Página	13/24



Procede neste intre darlle un pulo ao recoñecemento de Palestina como Estado con todos os seus dereitos, como un paso máis de cara a avanzar na resolución deste conflito e na mellora na situación humanitaria. Máis aínda se temos en conta os últimos debates dados na ONU.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. Esixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cixordania.
2. Exixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=6>


6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALIZA MEDIDAS DE APOIO PARA AS GANDEIRÍAS QUE TEÑEN QUE AFRONTAR UN BALEIRADO SANITARIO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	14/24





vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para demandar da Xunta de Galiza medidas de apoio para as ganderías que teñen que afrontar un baleirado sanitario.

Exposición de Motivos:

Nos próximos 50 anos, o cambio climático podería levar a máis de 15.000 novos casos de mamíferos que transmitan virus a outros mamíferos, segundo un estudo publicado na revista “Nature” recentemente.

Na ámbito da gandería, en Galiza sufrimos durante o pasado ano afectación xeneralizada da EHE (Enfermidade Hemorráxica Epizoótica), unha enfermidade vírica infecciosa que afecta a ruminantes domésticos e salvaxes, con especial incidencia en cervos e bovinos, aínda que pode afectar a outras especies como ovino ou cabrún. A EHE é unha enfermidade de declaración obrigatoria en animais que non afecta aos humanos. A transmisión da enfermidade dentro dun rabaño é indirecta, a través da picadura de vectores biolóxicos, como os mosquitos do xénero Culicoides.


Tamén temos que engadir a desastrosa programación das campañas de vacinado e revacinado contra a lingua azul. A tuberculose bovina segue sendo un pesadelo para o sector gandeiro, pois pode chegar a implicar a inmovilización da gandería e o temido baleirado sanitario. Arredor desta enfermidade estendéronse nos últimos anos unha serie de rumores que poñen en cuestión a eficacia do sistema público de sanidade animal, dende o estendido “foi un falso positivo, porque as vacas no matadoiro non tiñan lesións” ata culpar exclusivamente á fauna salvaxe da súa propagación.

No caso de Galicia, unha das principais vías de entrada da tuberculose bovina segue sendo a chegada de animais procedentes doutras Comunidades Autónomas ou estados, nos que existe unha maior incidencia da enfermidade. Polo tanto, unha das mellores medidas de bioseguridade é favorecer a recría na propia explotación, evitando na medida do posible a entrada de animais externos á explotación.

No ano 2021 Galiza foi declarada libre de tuberculose ou zona de Prevalencia 0. Esta clasificación permítelle á Xunta “flexibilizar” as medidas de loita contra esta doenza, por exemplo reducindo o saneamento anual a un saneamento cada tres anos, pero nas granxas implica que cun único positivo en laboratorio son sacrificados todos os animais (baleirado sanitario).

En canto á evolución da enfermidade, a tuberculose bovina ten o seu principal reservorio nos bóvidos pero tamén afecta ao ser humano e a outros mamíferos como xabaríns ou corzos. Trátase dunha enfermidade crónica de evolución moi lenta, na

	IV7X6T26ZYJ2VNHLYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLYBWXLZCHOE	Página	15/24



que os síntomas poden tardar anos en manifestarse, e que está producida por bacterias incluídas no xénero *Mycobacterium*.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que esgote todas as vías de control e de estudo dunha explotación antes de chegar a un ditame de baleirado sanitario e a revisión da catalogación de prevalencia 0 en Galicia, debido a alta incidencia de tuberculose da fauna salvaxe.

2.- Solicitar á Xunta de Galiza a que esgote se retome o saneamento gandeiro anual no caso do gando vacún, como método preventivo polo incremento das ameazas por infección de enfermidades derivadas do cambio climático.


3.- Demandar da Xunta de Galiza, que se incrementen os baremos de indemnización dos animais sacrificados a raíz dun sacrificio obrigatorio establecidos polos servizos veterinarios oficiais, para a reposición cando menos ao mesmo nivel de prezos estipulados noutras axudas como pode ser as indemnizacións por morte causadas por fauna salvaxe.

4.- Demandar da Xunta de Galiza, que se incremente cando menos o período de lucro cesante ata os dous anos, que é cando a explotación volvería a ter ingresos por venta de becerros, no caso de ganderías de vacún de carne. E que se permita que as indemnizacións de reposición e de lucro cesante da Consellería de Medio Rural sexan complementarias coas indemnizacións do seguro de explotación de saneamento gandeiro”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao, e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	16/24





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=7>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA QUE A DEPUTACIÓN DE LUGO FIRME UN CONVENIO PROPIO PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS E DEPENDENCIAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para que a Deputación de Lugo firme un convenio propio para o persoal do servizo de limpeza de centros e dependencias de titularidade provincial.

Exposición de Motivos:

O sector da limpeza realiza un labor fundamental para garantir a seguridade e hixiene dos espazos públicos. Require dedicación, experiencia, tempo e profesionalidade.

Durante a crise sanitaria da covid-19 estes profesionais demostraron unha vez máis a súa responsabilidade, poñéndose en primeira fila de batalla e xogando un dos papeis máis importantes: protexernos e garantir a nosa seguridade día tras día.

Pero moi lonxe de ser recoñecido, trátase dun sector moi precarizado no que o 95% das súas traballadoras son mulleres, un 80% cunha xornada a tempo parcial e cuns salarios ínfimos.

Un sector que se viu obrigado a poñerse en folga indefinida o pasado 16 de outubro de 2023 ante a negativa de poder negociar un convenio colectivo que levaba vencido dende finais do ano 2021, co único obxectivo de mellorar os seus salarios e acadar unhas condicións laborais dignas. Estamos a falar de máis de 150 familias en Lugo que loitaron polos seus dereitos.

A folga chegou ao seu fin o pasado 22 de febreiro, tras 130 días, pero aínda hai marxe de mellora. Noutras dependencias públicas da provincia de Lugo o sector da limpeza ten un convenio propio coas administracións que lles ampara e protexe, como é o caso do servizo de limpeza do hospital Lucus Augusti ou do Edificio Administrativo da Xunta.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWXLZCHOE	Página	17/24



Recentemente, o Concello de Lugo aprobaba por unanimidade unha proposta do Grupo Municipal Popular para estudar que o persoal das empresas que se encargan da limpeza dos edificios municipais conten cun convenio propio.

É o momento de reflexionar e cambiar as cousas, de darlle o valor e a importancia ao seu traballo e de protexer ás traballadoras e aos traballadores. Por elo, a Deputación de Lugo debe garantir que terán unhas condicións de traballo dignas e ser exemplo outorgando dereitos e recoñecemento a este sector.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

Instar ao equipo de goberno provincial a que estude as posibilidades legais e convencionais de aprobar un convenio propio do sector da limpeza da Deputación Provincial de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádega do seguinte teor:

“Instar á Xunta de Galiza a que estude as posibilidades legais e convencionais de aprobar un convenio propio de todos os servizos de limpeza que dependan desta institución”.


O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción inicialmente presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=8>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA POÑER EN MARCHA UN PLAN DE IMPULSO INDUSTRIAL DE SOLO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	18/24





“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para poñer en marcha un plan de impulso industrial de solo da Deputación de Lugo.

Exposición de Motivos:

O impulso de iniciativas empresariais e a creación de emprego son clave para o asentamento da poboación na provincia. E para isto é necesario dispoñer de solo industrial no que asentar empresas ou que permita o traslado ou ampliación das instalacións das xa existentes que o precisen.

No seu momento, a Deputación Provincial de Lugo impulsou áreas industriais en moitos municipios da provincia; pero nos últimos anos a institución provincial deixou de ter ese papel e non lle deu a importancia que merecen este tipo de iniciativas que pretenden dotar de solo industrial a boa parte do territorio para favorecer o desenvolvemento industrial e económico e a calidade de vida dos veciños.

Nos últimos anos hai numerosos polígonos comprometidos, que non se construíron nin se impulsaron en ningún mandato (Baralla, A Fonsagrada, Riotorto, Triacastela...); e no caso daqueles que están construídos están a un rendemento moito máis baixo do agardado e, incluso, o seu mantemento é nulo (Castroverde, Ouro, Paradela...).

Segundo os datos que puidemos obter, son máis de 100 as parcelas dispoñibles -de distintos tamaños- nos polígonos industriais construídos pola extinta SUPUSA (Sociedade Urbanística Provincial de Lugo) en varios concellos da provincia. Esta ampla dispoñibilidade de parcelas sen adxudicar evidencia a falta de interese do goberno provincial por incentivar a venda das mesmas que permita favorecer a posta en marcha de iniciativas empresariais contribuindo ao desenvolvemento económico da provincia e, consecuentemente, ao desenvolvemento social e ao crecemento da poboación.

Tendo en conta que o interese por adquirir parcelas na maioría destas áreas industriais é, en xeral, moi baixo; botamos en falta algún tipo de medida por parte do goberno provincial dirixida a incentivar a venda de parcelas nestes espazos ou a vontade para negociar cos Concellos unha posible cesión para que xestionen esas vendas con maior énfase e interese.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Página	19/24



Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

1.- A Deputación de Lugo leve a cabo un plan de impulso dos polígonos industriais da súa titularidade na provincia con campañas de captación de investimentos a través da busca activa de empresas e emprendedores para o seu asentamento nestas áreas, o estudo de posibles bonificacións do prezo ou outros incentivos para a venda de parcelas.

2.- A Deputación de Lugo constrúa os polígonos industriais comprometidos nos diferentes concellos da provincia”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=9>


PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO A MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, CORRESPONDENTE Ó CONCELLO DE SARRIA.

Dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 15/03/2024 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de SARRIA solicitando a substitución/modificación do investimento “renovación de firme da rúa Fornos” incluído inicialmente no Plan Único 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	20/24





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=10>

10.- DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE AGRICULTURA E DESENVOLVEMENTO RURAL, DA COMISIÓN EUROPEA, EN RELACIÓN CO ACORDO ACHEGADO POR ESTA DEPUTACIÓN RELATIVO Á MOCIÓN EN APOIO E DEFENSA DAS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO.

O Pleno da Corporación queda enterado da comunicación da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural, a Comisión Europea, en relación co acordo achegado por esta Deputación relativo á moción en apoio e defensa das reivindicacións do sector agrogandeiro galego adoptado na sesión ordinaria de data vinte e sete de febreiro de 2024.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=11>

11.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e sete de marzo de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0835 ao 1397. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=12>

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Por parte do señor Presidente comunícase ós/as señores/as deputados/as que, tendo en conta que os días 17 e 22 de maio, Día das Letras Galegas e o día de Santa Rita, son festivos, a convocatoria das comisión informativas correspondentes ó día vinte e tres de maio realizarase o día dezaseis, xoves, polo que prégalles ós voceiros dos Grupos Políticos da Corporación que acheguen as mocións para tratar no Pleno o día dezaseis de maio.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=13>

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

	IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLVBWXLZCHOE	Página	21/24



Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ao acondicionamento do paseo da Fervenza, e que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O paseo fluvial da Fervenza que comunica Lugo e O Corgo -un sendeiro de máis de 20 km á beira do Miño e conecta muíños e illas, cruzando os ríos Chamoso e Rato- foi un orgullo para a Deputación de Lugo, pero agora o goberno de PSOE e BNG tena abandonada, igual que outros proxectos e bens provinciais.

Situado nun dos corazóns verdes do centro da provincia, constitúe un recurso incomparable para achegarse á natureza, ao río e para a práctica de exercicio físico. Pero o sendeiro que antes tiña 2 metros de ancho agora está invadido pola maleza e o seu mal estado en xeral dificulta o seu uso; ademais de ofrecer mala imaxe da provincia aos visitantes.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Acondicione de forma urxente o paseo da Fervenza e manteña en bo estado as rutas titularidade da Deputación de Lugo de forma que se coide o patrimonio provincial, se garanta a seguridade dos usuarios destas sendas, se favoreza a práctica de exercicio físico e se proxecte unha boa imaxe da provincia aos visitantes”.


Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ás estradas LU-P-5705, LU-P-5713 e LU-P-4303, e que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Pavimento moi degradado, buratos de grandes dimensións ou marxes totalmente desfeitas e cunetas sen limpar. Esta é a situación á que se enfrontan os lucenses a diario en moitas das vías de titularidade da Deputación de Lugo e que dende este Grupo Provincial Popular temos advertido en numerosas ocasións.

Incluso medio cento de lucenses protestaron a finais de xaneiro ante esta institución preocupados pola seguridade debido ao mal estado da rede viaria provincial.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	22/24





Nesta ocasión facémonos eco do malestar dos veciños do municipio de Sarria ante os prexuízos que supón o deterioro da estrada LU-P-5705 que comunica con Escarlán e San Martiño da Torre, da LU-P-5713 que pasa por Piñeira ou da LU-P-4303 que vai ao alto do Páramo, e da que xa temos advertido a este Pleno do seu mal estado.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Leve a cabo actuacións de reparación e mellora do estado das estradas LU-P-5705, LU-P-5713 e LU-P-4303 e se comprometa a garantir un bo mantemento periódico de toda a rede provincial”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao inmobile Casa Benedicto en Proba de Navia de Suarna, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O goberno da Deputación de Lugo adquiriu no ano 2005 o edificio coñecido como Casa Benedicto para cederllo ao Concello a través dun convenio co obxectivo de mellorar a praza da Proba de Navia de Suarna.

Durante este tempo no que contaba coa protección de Patrimonio os distintos gobernos do PSOE e do BNG non fixeron nada por garantir a seguridade nas inmediacións deste edificio de tres plantas moi deteriorado situado nun dos lugares máis transitados do municipio.

Recentemente a área de Patrimonio vén de retirar o réxime de protección sobre o edificio, o cal da liberdade total á Deputación de Lugo e ao Concello de Navia de Suarna para decidir o futuro do inmobile.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que ten previsto facer o goberno provincial con este inmobile, coñecido como Casa Benedicto, situado na Proba de Navia de Suarna?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao aforo do Salón de Plenos, e que textualmente di o seguinte:

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	23/24



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O pasado martes 27 de febreiro moitos veciños e veciñas da provincia que pretendían asistir como público ao pleno da corporación provincial quedaron fóra do Pazo de San Marcos, sede da Deputación de Lugo e instalación aberta ao público.

Esa mañá nas entradas aos palcos do salón de plenos había carteis que indicaban unha capacidade máxima de 26 persoas. Incluso as cadeiras sobrantes que normalmente estaban dispoñibles nos palcos foron retiradas para un dos corredores, igual que boa parte das dispoñibles no propio salón de plenos para o público.

Ante estes feitos, o Grupo Provincial Popular solicitou copia do Plan de seguridade do Pazo Provincial de San Marcos ou, no seu defecto, calquera outra documentación que indicara o aforo máximo autorizado para as súas dependencias e salóns.

Se ben a normativa establece que non é necesario que o Pazo de San Marcos dispoña dun Plan de Autoprotección, a Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo determina no seu informe unha estimación dunha ocupación máxima previsible de 110 persoas (69 na planta baixa e 41 na superior).

A decisión de limitar o aforo a 26 persoas nos palcos do salón de plenos non se axusta, polo tanto, ao criterio e informes oficiais dos propios servizos técnicos da Deputación de Lugo.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Cal foi o motivo polo que se limitou a 26 persoas a capacidade máxima nos palcos do salón de plenos e nos espazos tras os grupos provinciais para o pleno da Deputación Provincial de Lugo dende o pasado 27 de febreiro de 2024?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20240430&punto=14>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Fecha y Hora	07/05/2024 14:17:16
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7X6T26ZYJ2VNHLBYBWLZCHOE	Página	24/24

